



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Información pública trala aprobación inicial do Proxecto de equidistribución da UA 17.3

Expediente.- 2024/U042/000002

Anuncio de información pública trala Aprobación Inicial do proxecto de equidistribución da UA 17.3.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 7 de maio de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar inicialmente o proxecto de *equidistribución* no ámbito da Unidade de Actuación Nº 17.3 das NN.SS.PM, asinado pola arquitecta María Meroño Pardo de Vera e os avogados César Perez Maldonado e Jorge Pérez Maldonado con entrada no rexistro municipal do Concello de Arteixo o 19/12/25 (202599900011891)

Segundo. Someter o proxecto a información pública polo prazo de **un mes** mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e nun periódico dos de maior difusión da provincia, estando asemade, a disposición dos interesados na sede electrónica de este Concello.

Durante o período de información pública, quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo aos efectos de que poidan presentar as alegacións e suxestións que se consideren oportunas.

Terceiro. Considerar como interesado no procedemento a RAIOLA SAPM, S.L., con CIF ***5857**, novo titular da parcela catastral 0252*****4905S0001FJ, integrada no ámbito da actuación.

Cuarto. Notificar individualmente o Acordo adoptado a tódolos/as propietarios/as e titulares de dereitos, cargas e gravames sobre as propiedades incluídas no ámbito de dita actuación.

As persoas interesadas poderán consultar o expediente e alegar por escrito durante o prazo dun (1) mes. Este prazo iniciárase o día seguinte ao da última publicación deste anuncio.

O expediente estará a disposición dos/as interesados/as no Servizo de Urbanismo do Concello de Arteixo (sito na Praza de Ramón Dopico, sn 1º andar), de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas; e no seguinte enderezo da sede electrónica: <https://sede.arteiro.org/sxc/es/informacion/>

As alegacións poderán presentarse por calquera dos medios relacionados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado o 23/05/2026 Luis Alberto Castro Calvete. Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo. PD. 1243/2025 de 08/05/2025.

2026/3865